ANEXO II

DESCRICIÓN DOS RETOS

CÓDIGO DO RETO:	COL22/02

***Empresa / Entidade propoñente*:** Atendo Calidade S.L.

***Título do RETO*:** Colaborar na posta en marcha dun centro innovador destinado a persoas maiores medioambientalmente sostible e responsable coa contorna.

***Contexto e definición do problema ou necesidade*:**

Os equipos de traballo de Atendo realizan pequenas accións cotiás de reciclaxe e aforro enerxético coa idea de que os centros deben estar capacitados para xerar unha vida máis sostible, convencidos de que a economía circular é a clave para logralo, cunha xestión óptima dos materiais e produtos utilizados no centro así como dotando aos materiais dunha segunda vida.

A necesidade da empresa é aumentar o seu compromiso coa contorna e o medio ambiente e cree que é posible xerar un impacto positivo nas persoas cos seus servizos e coidados, pero tamén reducindo o impacto negativo no medio ambiente. Queren que o seu centro sexa respectuoso coa contorna cunha adecuada xestión dos residuos, do uso racional da enerxía e a auga e que as accións necesarias para logralo sexan facilmente comprensibles e executables por todas as persoas que dan vida ao centro.

Obxectivos do RETO:

A finalidade deste reto é a consecución dun cambio de xestión pasando dun negocio lineal a un negocio circular cunha xestión óptima dos materiais e produtos utilizados no centro, así como dotar aos materiais dunha segunda vida.

Os enfoques de interese son: economía circular, xestión óptima do ciclo de vida dos produtos e materiais, segunda vida de produtos e materiais, xestión de residuos, xestión da auga, iluminación, enerxía e climatización e o establecemento de protocolos e indicacións de uso facilmente comprensible e realizables polas persoas traballadoras e usuarias do centro.

Número máximo de ideas de proxectos a premiar: 1

Destinatarios:

- Alumnado a realizar o seu TFG X
- Alumnado a realizar o seu TFM X
- Alumnado a realizar a súa tese doutoral X
- Proxecto emprendedor